

OS INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA

Claudio QUINTILLÁN VALLEJO

Agrupación de forestais da Confederación Intersindical Galega

SUMARIO: Faise unha valoración da historia e persistencia do problema dos incendios forestais e unha avaliación crítica da política contra incendios. Proponse unha re-orientación.

SUMARIO: Se hace una valoración de la historia y persistencia del problema de los incendios forestales y una evaluación crítica de la política contra incendios. Se propone una re-orientación.

SUMMARY: A valuation is made of the history and persistence of the problem of forest fires along with a critical evaluation of the politics of firefighting. A re-orientation is proposed.

1. O modelo de loita contra incendios da Xunta de Galicia.

Trala toma de posesión de Manuel Fraga como presidente da Xunta no ano 1989, acométese no seo da Consellería de Agricultura Gandería e Montes unha reforma na Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural amparada nun programa “estrela” segundo promesa electoral do partido popular, creándose unha nova Subdirección Xeral denominada de Defensa Contra Incendios Forestais, e á súa vez a nivel provincial os Servicios de Defensa Contra Incendios Forestais, (en adiante S.D.C.I.F.). Esta nova estrutura subdivídese en comarcas configurando un total de 30; 5 en Pontevedra, 7 na Coruña, 10 en Lugo e 8 en Ourense. Cada unha delas divídese en zonas que dependen da organización comarcal. A elas destínanse unha serie de funcionarios, enxeñeiros técnicos e axentes forestais, xunto con persoal administrativo, que constitúen a base do persoal das mesmas. Logo, de forma intermitente segundo a climatoloxía, contrátase persoal eventual para as categorías de peón, capataz, conductor de camión contra-incendios, que forman os reténs ou brigadas de loita contra o lume, ademais de vixiante, emisorista e técnicos de apoio.

A Xunta formula esta nova estrutura: “consciente do grave problema económico, social e ecolóxico que supoñen os incendios forestais, créanse uns servizos específicos capaces de defende-los montes contra a onda de destrución que ata ese momento viña devastandoos”. Nos S.D.C.I.F. o obxectivo con carácter xeral desde a súa formación é “a de reducir ó mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos incendios forestais, dentro dos recursos dispoñibles para o efecto”.

Entre os obxetivos particulares destacan :

Reduci-la superficie queimada por cada lume (estratexia estatística utilizada constantemente nos últimos tempos nos medios de comunicación, chamándolle á resultante: eficacia).

Reduci-lo tamaño dos grandes lumes.

Reduci-lo número dos grandes incendios.

Reduci-lo número de lumes.

Reduci-la superficie arborada queimada en cada incendio.

Ademáis a Xunta contempla, con estes servizos, cubrir uns obxetivos complementarios:

- Previr accidentes e aumenta-la seguridade persoal.
- Mante-la moral de todo o persoal implicado na loita contra os incendios forestais.
- Mellora-la preparación do persoal do S.D.C.I.F.
- Fomenta-la colaboración dos veciños, entidades locais e comunidades veciñais.
- Continuar no labor de investigación, tanto na comprobación das causas e motivos dos incendios como na “busca e captura” dos incendiarios, mediante unha efectiva investigación policial.

Os programas de traballo que desenvolven os S.D.C.I.F. abranguen, segundo eles, os seguintes ámbitos: prevención, extinción e investigación.

A prevención consistiría en: Expedición de autorizacións de queimas (boletín que teñen que solicitar os/as interesados/as en realizaren queimas agrícolas ou forestais fóra da tempada estival). Localización de puntos de auga para construír depósitos de almacenaxe. Construcción e conservación de pistas, sendas e cortalumes. Desbroces nas marxes de pistas e camiños. Construcción e conservación de torres de vixilancia. Realización de queimas controladas para favorecer o gando e a caza.

A extinción, no emprego de técnicas de ataque ó lume, e na utilización de diferentes medios terrestres ou aéreos (reténs, camións, helicópteros, avións e hidroavións).

A investigación, sempre segundo os S.D.C.I.F., consiste na búsqueda por parte dos grupos especiais de investigación da policía autonómica ou garda civil, integrados no mando único de coordinación das forzas policiais, das probas necesarias para a detención dos culpables de provocar os lumes forestais.

Aquí remata, na teoría, as funcións para as que se crearon estes servizos, e o que na práctica veñen desenvolvendo, comprobándose, como se pode apreciar, a súa orientación moi concreta: dispoñeren de medios suficientes para poder atallar os lumes, atallalos o máis pronto posible, e saber se podemos averiguar quen prendeu o lume.

Na súa posta en marcha temos que lembrar que case que a totalidade do cadro de persoal (con excepción dos/as funcionarios/as, e persoal laboral fixo, aproximadamente unhas 250 persoas) era contratado, aplicándose o réxime especial agrario da seguridade social. Por outra banda faise un forte investimento na adquisición de vehículos coche-bomba (multiplícase por 3 o número, entre a xunta e concellos), e no aluguer de helicópteros e avións para as tempadas de máximo risco.

Ó día de hoxe tan só mudou o capítulo do réxime da seguridade social, que se conqueriu pasar ó xeral tralas correspondentes mobilizacións e sentencias. O resto do sistema da contratación permanece igual. Iso da lugar a que, ó non contar cunha estabilidade no posto de traballo, os/as traballadores e traballadoras opten por buscaren outra saída laboral, xa que ademais cada ano vense na obriga de voltar a realizar tódolos trámites para solicitar unha praza, para o que teñen que aboar unhas taxas e superar unha dubidosa proba física.

Deixando por un momento o apartado do persoal, do que xa falaremos máis adiante no capítulo da extinción, e atopándonos situados no que é a organización e distribución no territorio galego do S.D.C.I.F. pasamos a analizar por orde os resultados da aplicación do exposto .

2. Resultados da súa aplicación:

Prevención.

A expedición das autorizacións de queima tan só constitúen un trámite burocrático que nalgúns caso obriga o/a veciño/a a permanecer en colas ou longos desprazamentos. Esta medida non vai acompañada do asesoramento e presenza nos casos máis complexos (queimas de restos de corta no medio dunha superficie forestal, que non é o mesmo ca unha queima de restos agrícolas apartada desa zona): proba dos fallos é o que con bo tempo, durante o período de expedición das autorizacións, prodúcense numerosos incendios provocados por escapes de lume ó non dispor das necesarias medidas de control.

Por outra banda os traballos propios de prevención limítanse exclusivamente ó apartado tratado anteriormente (pistas, depósitos, etc.), non desenvolvendo

ningún sobre o estudo das causas e medidas de corrección das mesmas, tampouco no terreno educativo se realiza actuación algunha, non se coordina conxuntamente outros servizos da Xunta como os de Montes e Industrias Forestais e Medio Ambiente Natural, por certo dependentes da mesma Dirección Xeral, programas integrais para as diferentes zonas e comarcas .

Noutra orde, non se mantén entre os funcionarios de base e as forzas policiais reunións de seguimento dos casos máis significativos desde ese punto de vista, que servirían para valorar e clarear futuras actuacións.

Extinción.

A diversidade de organismos que participan no programa de extinción son unha dificultade no momento da súa coordinación: Xunta de Galicia, Concellos, Comunidades de Montes ou de Propietarios, Protección Civil. Os agravios entre traballadores/as dependentes dun ou doutro, xa que perciben salarios diferentes para as mesmas categorías (unha media de 30.000 pesetas máis os da Xunta có resto, agás Protección Civil que son voluntarios). Ademais, ó seren contratados nun 80% por tres meses, un 10% 6 meses e outro 10% 8-9 meses, non é posible contar tódolos anos coas mesmas persoas dificultando enormemente o poder ter unha actuación profesional cos mellores resultados.

O S.D.C.I.F. non ten o mesmo tratamento á hora de intervir unha zona rasa ou arborada, realizando nas primeiras contralumes abusivos (técnica que emprega o lume provocando intencionadamente un incendio para deixar terra queimada por medio diante do avance doutro lume de gran envergadura), podendo queimar centos de hectáreas sen o máis mínimo rubor, e sen consideracións ecolóxicas. Ás actuacións en zonas arboradas diríxense o maior número de medios.

Investigación.

A carencia dun traballo de investigación que permita a búsqueda de culpables para certo tipo de incendios é palpable. Por unha banda os propios servizos non destinan persoal a esas tarefas a pesar de telos coa formación necesaria para iso. Por outra, os denominados grupos operativos de investigación da policía descoñecen o terreo no que se moven e ademais teñen que atender outros asuntos do seu departamento que nada ten que ver coa problemática dos incendios forestais (menores, maltratos, protección de persoeiros etc.) difuminándose a súa actuación e conquerindo as detencións de todos coñecidas a través dos medios de comunicación, e que están nin máis nin menos que dentro dun grupo que responde a unha parte da casuística de tipo social que coñece perfectamente a Administración, amparada no abandono e falla de ordenación dos nosos montes e que rodea a meirande parte dos incendios forestais. Non temos constancia de ningún detido por: grupo organizado, mafia, contrabando, cuatrismo, e afíns.

Medidas restauradoras.

Tralo paso dos lumes forestais a superficie queda exposta a sufrir modificacións, xa que segundo o tipo de terreno e pendente, a pronta aparición de chuvias e dependendo da súa intensidade pode provocar en maior ou menor medida fortes arrastres da cobertura do chan. A Xunta non contempla ningún plan de choque para alomenos intentar paliar esa situación, non figura dentro das liñas de actuación dos S.D.C.I.F.

3. As causas dos incendios forestais.

Trala exposición detallada, e como parte máis importante do problema, temos que centrarnos no capítulo das causas como o eixo sobre o que debemos abordar calquera traballo ou política forestal. Sen entrar a estudar e valorar os motivos polos que aparecen os incendios nada poderemos facer. Deixando a un lado as negligencias que tamén constitúen un bo número, e que poderían corrixirse coas medidas de acompañamento nomeadas para as queimas con autorización, o apartado máis grave é o das intencionadas. Para iso resulta curioso e sorprendente que a propia administración dispoña dun código de causalidade e que non se acometa unha soia medida programática para intentar erradicala. As causas que aí figuran recollidas son:

- 1.- Incendios provocados por campesiños para eliminar matogueiras e restos agrícolas que se deixan arder incontroladamente e que pasan ó monte.
- 2.- Incendios provocados por pastores e gandeiros para rexenerar o pasto e que se deixan arder de forma incontrolada, pasando ó monte.
- 3.- Incendios provocados por vinganzas.
- 4.- Incendios provocados para espantar animais (lobos, xabaríes, etc.), que provocan danos no gando e nos cultivos.
- 5.- Incendios provocados por cazadores para facilita-la caza.
- 6.- Incendios provocados contra o acoutamento da caza.
- 7.- Incendios provocados por problemas de titularidade dos montes.
- 8.- Incendios provocados dor falla de investimentos .
- 9.- Incendios provocados para acelerar as contratacións.
- 10.- Incendios provocados por pirómanos.
- 11.- Incendios provocados para baixar o prezo da madeira.
- 12.- Incendios provocados para obter modificacións do uso do chan par urbanizar.
- 13.- Incendios provocados por grupos políticos para crearen malestar social ou como forma de protesta.

- 14.- Incendios provocados contra repoboacións forestais.
- 15.- Incendios provocados por delinquentes para distraer-las forzas de seguridade.
- 16.- Incendios provocados para modificar o uso do chan para convertelo en viñedos ou agrícola.
- 17.- Outras motivacións.

Nota : Estas causas son codificadas nos partes de incendio que emiten os S.D.C.I.F.. Existen outras causas similares a algunha das enumeradas como son: para eliminar matogueiras de camiños, proximidade de vivendas e accesos a núcleos de poboación rural.

As formulacións actuais da política contra incendios forestais do goberno do PP son as mesmas que hai nove anos, cando deseñaron un novo modelo de organización que iba rematar cun problema que constituía unha auténtica praga para Galicia. A realidade é ben distinta. Non só non se rematou senón que o número de lumes disparouse cara enriba, xa que as causas non foron eliminadas e segundo veña a climatoloxía os estragos van seguir, en maior ou menor medida. Ó non quererem acometer medidas estruturais sobre o territorio, tal vez para fomentar a actuación de determinadas empresas ou asociacións que están a aproveitar esta situación, o problema é asumido desde a óptica: “ímos seguir a ter lumes, polo tanto temos que dispor de medios para combatelos, tratando, iso si, de reducir a superficie queimada por incendio; e se todo sae medianamente ben, axudados pola climatoloxía, trataríase de que o resultado final fose o de superficie/nº de lumes= menor có do ano anterior”, chamándolle a iso grao de eficacia.

Esta estratexia atópase cun problema no caso de contar cunhas condicións extremas ó sumárselle un número tan elevado de incendios, xa que cada día que pasa custa máis tempo e esforzo apagalos, algúns quedan mal rematados e provocan a súa reprodución, complicándose máis a situación ata que chega o momento no que o vento fai a súa aparición e as dificultades comezan a ser enormes para poder atallalos. Por unha banda cóntase cun persoal fatigado; pola outra as condicións de seguridade reducense, os medios escasean e como resultante as superficies comezan a dispararse en moitas hectáreas para cada un deles. Entón é cando os medios de comunicación sacan as novas, a Xuntaponse nervosa, e comezan as declaracións en busca da xustificación, algunhas moi lembradas por todos e todas: grupos organizados, mariñeiros do Barbanza e Morrazo, estratexia dirixida, falan os fiscais, etc.

Todo o anterior amosa que a política contra incendios non existe. O que si temos é unha política de contención para determinado tipo e número de lumes, que fracasa cada vez que se escapa dos parámetros fixados, e que da lugar a tratar de disimular como sexa eses resultados diante da opinión pública, por abandeirarse politicamente do xeito que se fixo.

4. Criterios xerais a ter en conta na política contra incendios forestais.

Os programas de loita contra os incendios deben de ser un capítulo integrado no marco da política de montes de Galicia desde un plano xeral no que cómpre detallar en todo caso unha serie de actuacións a longo, medio e curto prazo.

A longo prazo, os resultados deben estar condicionados polo rumbo marcado a través dunha ordenación do monte galego, un mapa de usos múltiples, onde queden claras as diferentes producións, os espazos naturais, as zonas de protección especial e zonas sensibles, acompañado dunha lexislación complementaria. De tódolos xeitos, o desenvolvemento dese plano require un tratamento moi específico e cualificado, propio para ser tratado monograficamente, acompañado ademais doutras medidas relacionadas coa vertebración do mundo rural, a creación de emprego e o asentamento da poboación.

A medio prazo, as medidas a acometer virían marcadas pola reconversión do monte galego: política encamiñada a frenar a actual tendencia ou criterios sobre especies pirófitas. Inventario e ordenación desas masas. Programa de silvicultura axeitado a esas especies.

Impulso de programas que potencien as relacións da poboación cos nosos montes, cunha política encamiñada á divulgación e asesoramento en tódolos ámbitos (educativos, formación, difusión) dentro do sector.

A curto prazo, serían actuacións moi puntuais sobre o territorio, e de maior trascendencia pola urxencia, xa que deben de ser de choque para evitar a actual tendencia ou escalada do lume. Para iso precísase :

- 1) Información a través de tódalas comarcas da problemática e das causas que temos constancia provocan os lumes forestais.
- 2) Estudio das medidas de freo para cada unha delas.
- 3) Actuacións para o control do gando mostrenco .- Censo e propietarios, ubicación das zonas de pasto e criterios para o seu uso (titularidade, convenios, acotamento, marco legal, etc.)
- 4) Actuacións sobre a caza.- Situación dos coutos de caza (titularidade, convenios, acoutamento, marco legal).
- 5) Intervención da Administración sobre os danos causados por xabaríes, lobos, etc.- Localización das zonas de incidencia. Medidas de control e protección. Fondo de compensación para cubri-los danos.
- 6) Información sobre o estado actual dos lindeiros dos montes veciñais e actuación da Administración naqueles casos que o requiran.
- 7) Modificación do actual sistema de autorizacións de queima por outro que diferencie claramente as agrícolas das forestais, deixando os concellos para as primeiras como unha simple comunicación válida por un mes, evitando desprazamentos constantes dos/as solicitantes como sucede hoxendía, podendo retirala cando desexe. Namentres que para

as queimas forestais o/a solicitante deberá ser atendido/a polo funcionario/a da Xunta co asesoramento e acompañamento ó lugar, se fose preciso, para realizala en condicións. Para iso se trata dunha autorización, por un tempo moi limitado.

- 8) Eliminación do actual sistema de queimas controladas por outro de desbroce mecanizado donde sexa posible.
- 9) Utilización de traballadores/as integrados en cadros de persoal dentro dunha empresa pública para o medio natural.

Traballos de prevención e extinción .- Operacións selectivas partindo da análise da casuística e intervención na extinción con persoal e medios cualificados para iso.

Investigación das causas.- Para determinalas e poder incidir sobre o/s responsable/s, cómpre dotarse de persoal especializado. Polo tanto é necesario dispor dos medios que cubran este apartado.

Recuperación de zonas queimadas.- Programa adicado a solventar coa maior celeridade unha actuación recuperadora do chan tralo paso do incendio forestal.

Reforma da Administración

Urxe unificar as tarefas administrativas e de optimización dos recursos humanos. Para iso débense poñer en marcha os distritos forestais que coincidan ademais coas comarcas naturais no mapa comarcal de Galicia. Neste intre os tres servicios da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente están por separado (Montes e Industrias Forestais, Medio Ambiente Natural e Incendios Forestais).

Medidas lexislativas.

Intervención da Administración sobre a madeira queimada.- Pola súa urxencia a madeira visitada polo lume require unha actuación urxente para evitar perdas e ser proclives as pragas, pero para evitar calquera especulación, a Administración intervirá controlando o mercado.

Aplicación das medidas legais sobre as zonas de caza e pastoreo que sofriron o lume. O mesmo sobre a recalificación de terreos.

Aplicación por parte dos concellos do estricto cumprimento da normativa sobre limpeza de lindes e vieiros.

Medidas que impidan o uso das terras agrarias para a reforestación.

Marco legal sobre as repoboacións forestais.

Lexislación de Montes e Medio Ambiente para Galicia.